



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

PROXECTO LINGÜÍSTICO

SECCIÓN BILINGÜE DE LENGUA INGLESA DEL CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA

CURSO 2024/2025

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O presente proxecto lingüístico está xustificado dentro da ORDE do 14 de xullo de 2014 da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en conservatorios profesionais de música de Galicia a partir do curso 2014/2015.

A proxección internacional formativa e profesional que ten cabida neste tipo de ensinanzas xustifica a impartición de materia(s) en lingua(s) estranxeira(s) que faciliten ao alumnado de conservatorio a posterior integración en centros de estudos e de traballo estranxeiros.

Esta iniciativa responde á necesidade, subliñada polas distintas directivas europeas, de promover unha mellora cualitativa do coñecemento das linguas da Unión Europea. O seu obxectivo é conseguir que os cidadáns da Unión coñezan varios idiomas comunitarios e desenvolvan as competencias en materia de comunicación e garantir a difusión das linguas e da súa cultura. A lingua estranxeira será un vehículo para o ensino de determinadas áreas non lingüísticas, fomentando así o seu uso comunicativo.



Pretendemos desde a nosa contorna xeográfica impulsar e mellorar a formación do noso alumnado no coñecemento do inglés dentro do espazo lingüístico europeo como competencia fundamental no ámbito do coñecemento, no que o dominio de diferentes linguas constitúe un elemento esencial no proceso de desenvolvemento da identidade europea.

2. OBXECTIVOS

- Favorecer a proxección internacional formativa e profesional das ensinanzas musicais que se imparten neste conservatorio.
- Facilitar ao alumnado dos conservatorios a posterior integración en centros de estudos e de traballo estranxeiros.
- Afacer aos alumnos a expresarse de modo natural en lingua inglesa mediante o seu uso cotián nas aulas.
- Aprender e utilizar léxico específico musical relacionado coa práctica e teoría musical.
- Coñecer aspectos básicos do instrumento musical en lingua inglesa.
- Mellorar a capacidade comunicativa en inglés, especialmente a produción oral, pronunciación e entoación.
- Facilitar o acceso aos programas educativos europeos.
- Ampliar coñecementos sobre os aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.
- Favorecer o sentimento de cidadanía europea.
- Adquirir un maior dominio da lingua inglesa a través da aprendizaxe doutra materia.



- Mellorar o coñecemento e o dominio da propia lingua materna a través da aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Elaborar tarefas de reforzo ou de ampliación para atender á diversidade do alumnado.
- Realizar traballos e proxectos multidisciplinares.
- Favorecer o uso da lingua inglesa dentro da comunidade educativa.
- Fomentar a diversidade cultural.
- Utilizar recursos TIC para a práctica da lingua inglesa.

3.CONTIDOS

Os contidos serán os que se reflicten nas respectivas programacións didácticas. Non se pretende ningún cambio no currículo. Exclusivamente potenciarase o uso da lingua inglesa nas materias nas que se imparta sección bilingüe en lingua inglesa. Respetaranse os contidos mínimos de área marcados nas programacións didácticas.

4. PROFESORADO E ALUMNADO INTEGRANTE DA SECCIÓN BILINGÜE -INGLÉS- NO CURSO 2024/2025.

4.1 Profesorado.

- Javier Gómez Martínez, profesor de arpa.
- Ramón Luis Carnota Méndez, profesor de guitarra.
- Nuria Díaz Mera, profesora de piano.



- Cristina López Rodríguez, profesora de piano.
- Uxía Vilar Pazos, profesora de piano.
- Minerva Martínez Morán, profesora de piano.
- Nicolás Cadarso Arrojo, profesor de piano.
- Ana Calvo Velasco, profesora de piano.
- Jorge Montes Martínez, profesor de violín.
- Ángel Rodríguez Lozano, profesor de violín.
- Aránzazu Vera Beltrán, profesora de viola.
- Isabel Font , profesora de violonchelo.
- José M^a Belló García, profesor de clarinete.
- M^a Juncal Diago Ortega, profesora de clarinete y coordinadora Sección Bilingüe de lengua inglesa do Centro.

4.2 Alumnado

Implica a alumnos/as de Grao Elemental y Grao Profesional das materias de arpa, guitarra, piano, piano complementario, violín, viola, violonchelo e clarinete.

De acordo ao Artigo 5 referente á Organización Académica da ORDE do 14 de xullo de 2014 da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, establécense as seguintes regras de funcionamento.



- A incorporación dun alumno ou dunha alumna a unha sección bilingüe requirirá a autorización por escrito dos pais, nais ou tutores/as legais no caso de ser menor de idade.
- O centro establecerá as medidas oportunas para favorecer a suficiente información ás familias sobre o funcionamento das seccións bilingües. Nas presentacións cos tutores aspirantes á sección bilingüe explicárase o seu funcionamento e carácter voluntario en canto a súa incorporación.
- O alumnado que forme parte dunha sección bilingüe non poderá abandonala antes de rematar o curso escolar, salvo por razóns xustificadas ante a dirección do centro e coa autorización desta.
- Ao final de cada curso académico, o alumnado que obteña cualificación positiva na materia obxecto de sección bilingüe recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nunha sección bilingüe, que deberá quedar reflectida no seu expediente académico.

5. METODOLOXÍA.

A metodoloxía estará baseada na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua inglesa. Fomentaranse proxectos e unidades que sexan de interese polas necesidades do alumnado, os seus desexos, que correspondan a unha contorna próxima e resultenlles motivantes.

Basicamente os procedementos serán comunicativos e interactivos. Potenciarase o traballo cooperativo que favoreza a interacción.



O papel do/a profesor/a será o de guía e organizador/a .Tamén elaborará actividades de reforzo e de ampliación para atender á diversidade do alumnado e fomentará a organización de traballos multidisciplinares .

Ao longo do curso as clases impartiranse en inglés progresivamente. Empezarase introducindo a lingua estranxeira con ordes, instrucións, vocabulario e explicacións sinxelas. A partires dese estado, irase aumentando o seu uso progresivamente, extendéndoo ao máximo en base ao ritmo que o/a alumno/a permita. Sempre que sexa posible utilizarase a lingua inglesa. Cando sexa necesario recorrerase a LM (Lingua Materna) podéndose repetir as instrucións didácticas e explicacións en galego ou castelán dependendo das necesidades do momento. O obxectivo é que ao finalizar o curso a comunicación alumno / profesor poidase desenvolver con fluidez en inglés.

O profesorado preparará e entregará aos/ás alumnos/as material en inglés coa finalidade de alcanzar os obxectivos propostos na materia, recorrendo ao material dispoñible no centro: textos, manuais, mapas, xogos, posters, material audiovisual... Fomentarase a utilización de páxinas web que determine cada profesor/a aos/ás seus/súas alumnos/as.



6. AVALIACIÓN

A avaliación e promoción do alumnado da sección bilingüe axustarase aos procedementos establecidos con carácter xeral nas respectivas programacións didácticas. Ademais, seguiranse as recomendacións metodolóxicas para o profesorado CLIL (Content and Language Integrated Learning) proporcionadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a avaliación das áreas non lingüísticas:

- A interiorización de contidos non lingüísticos primará sobre os contidos lingüísticos.
- A competencia lingüística no idioma estranxeiro é un valor engadido que debe ser recompensado.
- A falta de fluidez na lingua inglesa non debe penalizarse. Os erros lingüísticos forman parte natural do proceso.
- Combinar as prácticas didácticas empregadas tanto na aprendizaxe da lingua como no das áreas non lingüísticas.
- Sempre que sexa posible, utilizarase a lingua inglesa. Cando sexa necesario recorrerase á lingua materna.
- Globalmente valorarase moi positivamente o esforzo continuado, o interese, a participación e a progresión nos coñecementos adquiridos ao longo do curso.

7. AVALIACIÓN DO PLAN

En base ao establecido na ORDE do 14 de xullo de 2014 da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Educativa levará a cabo o seguimento e posterior avaliación do Proxecto co fin de verificar a súa realización, a calidade e os resultados obtidos. Durante o desenvolvemento do mesmo solicitarase apoio e asesoramento do Centro de Formación e Recursos da Coruña.

O profesorado implicado nesta sección bilingüe elaborará unha memoria avaliativa que trasladará á dirección do centro.

A Coruña, 13 de setembro 2024.

M^a Juncal Diago Ortega

Coordinadora Sección Bilingüe - Inglés- CMUS Profesional da Coruña